



## Decreto de Alcaldía

**Procedemento: Proceso selección e nomeamento funcionario/a interino/a por programas dun/ha Técnico/a medio axente de emprego e desenvolvemento local (AEDL) para o ano 2020 (condicionado á subvención Xunta expediente Gestiona: 4324/2020).**

### Expediente GESTIONA: 4726/2020

Rematado o prazo de presentación de solicitudes e de conformidade coa convocatoria e bases da **selección urxente**, polo sistema de concurso-oposición, dun/ha axente de emprego e desenvolvemento local (AEDL); subvencionado pola Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, segundo a Orde do 15 de outubro de 2020, pola que se establecen as bases da subvención, publicada no DOGA NUM.219 o venres 30/10/20 (procedemento TR351B); para a execución dun programa de carácter temporal de duración determinada, que non responde a necesidades permanentes, que se realizará co nomeamento dun/ha funcionario/a interino/a, asimilado ao grupo A, subgrupo A2, a xornada completa de 37,5 horas semanais, durante un período de 12 meses. O nomeamento obxecto da selección queda supeditado á concesión de dita subvención.

Esta Alcaldía-presidencia, tendo en conta as bases do proceso selectivo e a Orde que rexe a subvención, de conformidade coas atribucións conferidas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local e o RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, **DECRETA:**

**Primeiro:** Aprobar o **listado provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as** ao referido proceso selectivo, os/as excluídas dispoñen un día hábil para enmenda de solicitude:

- **Admitidas:**

| Apelidos e nome              |
|------------------------------|
| DAVIÑA ROMERO, MARIA DOLORES |
| FERNÁNDEZ SOTO, ANTÍA        |
| FRANCO FIGUEROA, PAULA       |

- **Excluídos/as:**

| Apelidos e nome             | Motivo de exclusión |
|-----------------------------|---------------------|
| FERREIRA VÁZQUEZ, MARÍA PAZ | 2                   |
| TROITIÑO DAPENA, JULIO      | 1                   |





**Motivos de exclusión:**

|   |  |
|---|--|
| 1 | Non cumprir as condicións esixidas na Base 5ª. c).-Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do nomeamento obxecto destas bases. (Acreditarase con declaración responsable). d).-Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ó corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada. (Acreditarase con declaración responsable). No caso de nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores. (Acreditarase con declaración responsable). e).-Non estar incurso en ningún dos supostos de incompatibilidade previstos na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas e no TRLEBE. (Acreditarase con declaración responsable das bases que rexen a selección, acreditado mediante Declaración responsable |
| 2 | Non cumprir as condicións esixidas na Base 5ª.g).-Ser persoa demandante de emprego, ocupada ou non, inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia, segundo o establecido no artigo 14 da Orde do 15 de outubro de 2020 da Consellería de Emprego e Igualdade, reguladora das bases da subvención, publicada no DOGA num.219 o venres 30/10/20. (Acreditarase con documento xustificativo expedido polo Servizo Público de Emprego de Galicia).   |

**Segundo:** Designar ao tribunal cualificador que estará composto polos seguintes membros:

Presidente: D. Jesús González Costas, Oficial Policía Local, sendo a súa suplente Dna. Elena Pérez Álvarez, Tesoureira municipal.

Secretario: D. Eduardo Portela Fernández, Secretario Xeral da corporación, sendo a súa suplente Dna. Paula García Jara, Técnica de Administración Xeral.

Vogais:

- D. Albino Alonso Rodríguez, Encargado da Biblioteca municipal, sendo a súa suplente Dna. María Dolores Miguélez Casás, Xefa de negociado de Fiscalización.
- D. Javier Sánchez Gómez, Axente Policía Local, sendo a súa suplente Dna. María del Carmen Ramírez Costas, Traballadora Social.
- Dna. Tania González Iglesias, Policía Local, sendo a súa suplente Dna. María José Monteagudo Gamallo, Administrativa de administración xeral.





Concello do Porriño

**Terceiro:** Convocar aos membros do Tribunal para que se constitúan e se reúnan **o día 29/12/20, ás 11:00 horas**, no Salón de Plenos do Concello do Porriño.

**Cuarto:** Fixar a data do exame para **o día 30/12/20, ás 09:30 horas**, nas dependencias do Multicentro de Torneiros do Concello do Porriño.

**Quinto:** Supeditar o nomeamento do Técnico medio axente de emprego e desenvolvemento local á concesión da subvención, obxecto do referido procedemento selectivo.

**Sexto:** Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios da Sede electrónica, no taboleiro municipal e na páxina web municipal [www.oporrino.org](http://www.oporrino.org) (sección PORREMPREGO).

**Documento asinado dixitalmente na marxe**

---

**Concello do Porriño**

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579



Cod. Validación: J3J59PHLX4TX62EMPF747CM7J | Corrección: <https://oporrino.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3